



Partido Popular  
PARTIDO POPULAR



COPIA

## PREGUNTA ORAL SOBRE AS PREVISIÓNS PARA A DOTACIÓN DE RAMPLAS DE ACCESO EN TODOS OS AUTOBUSES URBANOS DE SANTIAGO

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día do Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A adaptación do sistema de transporte urbano de viaxeiros ás demandas do conxunto da cidadanía é unha obriga que, ademais de por razóns de xustiza social, vén determinada de forma explícita no R.D. 1544/2007, do 23 de novembro, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade.

Neste decreto, establécese a necesidade de que os autobuses urbanos incorporen unha rampla automática, sendo obrigatorio para o caso de material móbil de nova adquisición e para o adquirido un ano antes da entrada en vigor da norma, cando se realicen modificacións que supoñan un 30% do valor inicial máis a amortización. A maiores, o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade, aprobada en 2013, precisa a esixencia de accesibilidade e non discriminación, fixando un prazo que remata o 4 de decembro de 2017 para que aquelas infraestruturas e material de transporte que existiran a 4 de decembro de 2010 e sexan "susceptibles de axustes razoables".

Tendo en conta que na actual frota de autobuses de Santiago aínda existen varias unidades que non dispoñen deste sistema de acceso e de que aínda non se ten producido a necesaria renovación integral dos vehículos, o Grupo Municipal Popular formula a seguinte pregunta:

- ***Que previsións manexa o Goberno municipal para que a totalidade dos vehículos que conforman o sistema de transporte urbano de Santiago de Compostela dispoñan de ramplas automáticas de acceso para persoas con discapacidade?***

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2017

Alejandro S. Brunete Varela  
Concelleiro do Grupo Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela